



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 11 DE ABRIL DE 2024

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día once de abril de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 11 de abril de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202404110900080000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚM. 3/2024. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Acceso á videoacta – 00:00:31 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 4 de abril de 2024 (CVD: Nj7+U8CVQeWWPDgA/+4R), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior, en sesión extraordinaria e urxente de data 8 de abril de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO

Ante a necesidade de habilitar o crédito necesario para a partida “231 22799” por non existir crédito suficiente para facer fronte ao contrato vixente do servizo de axuda no fogar e á licitación dun novo contrato e dada a posibilidade de atender o aumento do crédito orzamentario necesario con minoración noutras aplicacións, pola existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias “920 12000 Sueldos del Grupo A1 Administración General”, “920 12100 Complemento de destino Administración General”, “920 12101 Complemento Especifico Administración General”, “920 16000 Seguridad Social Administración General”, “920 12003 Sueldos del Grupo C1 Administración General”, “931 12001 Sueldos del Grupo A2 Política Económica y Fiscal”, “931 12100 Complemento de destino Política Económica y Fiscal”, “931 12101 Complemento específico política económica y fiscal”, “931 16000 Seguridad Social Política económica y fiscal”, “931 12003 Sueldos del Grupo C1 Política Económica y Fiscal” e de facelo sen que se produza perturbación do servizo, cómpre tramitar unha transferencia de crédito segundo o seguinte detalle:

PARTIDA		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
920 12000	Sueldos del Grupo A1 Administración General	69.826,37 €		25.574,58 €	44.251,79 €
920 12100	Complemento de destino Administración General	185.101,00 €		19.257,49 €	165.843,51 €
920 12101	Complemento Especifico Administración General	205.651,88 €		28.316,18 €	177.335,70 €
920 16000	Seguridad Social Administración General	331.988,88 €		25.954,69 €	306.034,19 €
920 12003	Sueldos del Grupo C1 Administración General	44.810,72 €		5.741,37 €	39.069,35 €
931 12001	Sueldos del Grupo A2 Política Económica y Fiscal	43.880,65 €		7.496,33 €	36.384,32 €
931 12100	Complemento de destino Política Económica y Fiscal	85.031,94 €		10.483,15 €	74.548,79 €
931 12101	Complemento específico política económica y fiscal	100.320,73 €		6.030,01 €	94.290,72 €
931 16000	Seguridad Social Política económica y fiscal	94.138,45 €		9.663,46 €	84.474,99 €
931 12003	Sueldos del Grupo C1 Política Económica y Fiscal	22.607,37 €		11.482,74 €	11.124,63 €
231 22799	Servicio de Ayuda a domicilio	1.234.000,00 €	150.000,00 €		1.384.000,00 €
TOTAIS		2.417.357,99 €	150.000,00 €	150.000,00 €	2.417.357,99 €

Visto o disposto no artigo 40 do Real decreto 500/1990 e nas Bases de execución do orzamento municipal de 2023 prorrogado ao 2024, e tratándose a modificación proposta dunha transferencia de crédito que afecta a distintas áreas de gasto, é polo que propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 3/2024 por un importe de 150.000,00 euros co antedito detalle.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen explica a proposta.

Intervenían a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández; o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez; e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de abril de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a prol: Dezaeito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 4 de abril de 2024 (CVD: Nj7+U8CVQeWwPDgA/+4R), que devén en acordo nos termos transcritos.

2. PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMBRE”

Acceso á videoacta – 00:09:53 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 5 de abril de 2024 (CVD: 122xdAoDy8bFmOXMsLiF), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior, en sesión extraordinaria e urxente de data 8 de abril de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O PLENO

Visto o expediente que consta na plataforma TEDeC ao número 2020/C004/000011 relativo ao contrato do servizo de axuda no fogar no Concello de Cambre.

Visto que consta no dito expediente o informe (CVD: dQnBwFvALKWCVtnodSN7) asinado o día 21.03.2024 pola coordinadora de servizos sociais, responsable do contrato, no que, entre outras cousas, di:

“(…)

Tendo en conta nas datas nas que nos atopamos, resulta inviable poder seguir os prazos marcados para sacar a licitación do novo contrato, polo que se solicita unha prórroga de ata 2 anos máis ou ben no intre en que sexa adjudicada a nova contratación polos seguintes motivos:

O servizo de axuda no fogar préstase no noso Concello dende o ano 1984 de xeito continuado.

Este servizo, debido á súa especificidade e ao persoal necesario para o seu desenvolvemento, vense contratando polo Concello a empresas externas dende hai anos, todo elo en base ao disposto na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, e o Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento no art. 3 de formas de prestación dos servizos sociais comunitarios e no artigo 9 de programas e servizos comunitarios básicos que dí literalmente que “o **Servizo de axuda no fogar (SAF)**, que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo.”

Esta definición fai que o Servizo de Axuda no Fogar se converta nun servizo **básico e obrigatorio** e polo seu **carácter esencial**, no marco dos servizos sociais comunitarios básicos, favorecedor do benestar social das persoas ou grupos dentro do seu entorno comunitario, prestándolles un conxunto de atencións de carácter doméstico, social, persoal e/ou educativo aos cidadáns no seu medio.

(…)

Todos estes servizos que se prestan considéranse imprescindibles e constitúen obrigas esenciais que toda persoa ten que ter cubertas.

Nesta situación, a Área de Benestar social entende necesaria a continuidade deste servizo, que actualmente está xestionado por “AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.”

Visto que consta no expediente o informe (CVD: QKU5JX8UBrgedDAKWJXr) asinado o día 02.04.2024 pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, que, entre outras cousas, di:

“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

(…)

Segunda.- Respecto do prazo de duración dos contratos, o artigo 29 da LCSP, entre outras cousas, di:

“1. La duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas, sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos.

2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor. Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes.

La prórroga del contrato establecida en este apartado no será obligatoria para el contratista en los casos en que en el contrato se dé la causa de resolución establecida en el artículo 198.6 por haberse demorado la Administración en el abono del precio más de seis meses.

(...)

A introducción ou previsión de prórrogas nos contratos supeditase á obrigación de manter as características do contrato de que se trate inalterables durante toda a súa vixencia (antes e despois das prórrogas).

A alteración das características do contrato ou a previsión dunha duración da prórroga diferente á establecida no contrato (inferior ou superior) comporta unha modificación dos elementos tomados en consideración polos licitadores non adxudicatarios que conleva, en última instancia, un “falseamento” da competencia. A este respecto, a Lei 9/2017 introduce unha novidade respecto da regulación anterior ao dispoñer unha excepción á previsión relativa á obriga de manter as características do contrato de maneira inalterable durante o período de prórroga, tal é a de engadir “*sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei*”.

No suposto examinado, a cláusula IV do contrato (CVD: pf4cXynL7JV8I9aYNMXI) formalizado o día 13.06.2022 entre o representante da empresa “AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.”, e o alcalde do Concello de Cambre para a prestación do servizo de axuda no fogar, establece o seguinte prazo de duración do contrato:

“De conformidad con la cláusula 18 del pliego de cláusulas administrativas particulares y epígrafe 6 del Cuadro de Características del contrato, el presente contrato tiene un plazo de duración de **DOS AÑOS** a contar desde la fecha de formalización del contrato, pudiendo prorrogarse anualmente por años sucesivos y en las mismas condiciones hasta dos años más, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado con dos meses de antelación a la finalización de la vigencia anterior, por lo que el contrato podrá llegar a tener una duración total de hasta cuatro años incluidas las prórrogas.

En caso de prórroga, las características del contrato permanecerán inalterables.

Las prórrogas así acordadas, serán obligatorias para el empresario.

El adjudicatario deberá prestar los servicios durante el plazo total estipulado y lugar fijados en el contrato y con estricta sujeción a las estipulaciones contenidas en el presente pliego, en el pliego técnico y en la oferta presentada”.

Tendo en conta o anteriormente sinalado así como que, segundo reiterada doutrina^{*}, os pregos constitúen a lei do contrato e vinculan ás partes, entende a técnica que subscribe que a “solicitude” formulada pola

^{*} Sirva de exemplo a Resolución núm. 379/2022, do 29 de setembro, do Tribunal Administrativo da Comunidade Autónoma de Madrid que, entre outras cousas, di: “*los Pliegos conforman la ley del contrato y vinculan a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación y vinculan en sus propios términos. En este sentido, recogiendo lo dispuesto en el artículo 139.1 de la LCSP, “Las proposiciones de los interesados deberán ajustarse a los pliegos y documentación que rigen la licitación, y su presentación supone la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de sus cláusulas o condiciones, sin salvedad o reserva alguna (...)”.* Es por ello que el pliego constituye *lex contractus*, con eficacia jurídica no sólo para el órgano de contratación sino también para cualquier interesado en el procedimiento de licitación; es la Ley que rige la contratación entre las partes y al Pliego hay que estar, respetar y cumplir, sin que por ello se contravenga el principio de concurrencia ni el de igualdad”.

coordinadora de servizos sociais no citado informe verbo “*dunha prórroga de ata 2 anos máis ou ben no intre en que sexa adjudicada a nova contratación*” non se axusta ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, que prevé a prórroga anual por anos sucesivos e ata dous anos máis, polo que unicamente cabería a prórroga anual deste servizo ata dous anos máis (é dicir, unha primeira prórroga ata o 13.06.2025 e unha segunda prórroga ata o 13.06.2026).

A prórroga acordada con anterioridade ao 13.04.2024 sería obigatoria para o adxudicatario.

Segunda.- Por outra banda, consta no expediente o informe da coordinadora de servizos sociais e da traballadora social, Ángeles Díaz Rodríguez, do día 13.06.2023 (CVD: VkMiz9E6W4jR0D9ab1/r) no que indican unha serie de incumprimentos/deficiencias na prestación do servizo que presta a empresa adxudicataria.

A este respecto, a secretaria xeral emitiu informe o día 19.07.2023 (CVD: lJpQkVdK8ty0cpYJBRwd) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Estamos ante un contrato administrativo de servizos dos recollidos no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de outubro, de contratos do sector público (LCSP). O órgano de contratación é o Pleno da corporación, o cal ten como prerrogativas a de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúblidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos de ésta, todo elo en virtude do disposto no artigo 190 da LCSP.

Segunda.- Do sinalado no informe da coordinadora de servizos sociais e traballadora social relacionados no antecedente III despréndese a existencia dunha serie de incumprimentos e deficiencias na prestación do servizo por parte do adxudicatario, algún dos cales (como é o caso do incumprimento dos compromisos ofertados e que foron obxecto de valoración como criterio de adjudicación) poden considerarse como incumprimento das obrigas contractuais esenciais establecidas como tales na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares e no contrato formalizado. É o caso do incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de adjudicación.

No prego de cláusulas administrativas particulares, na cláusula 27, relativa ao procedemento sancionador, se tipifican como faltas moi graves, entre outras as seguintes:

- a) A notoria falta de rendemento e prestación incorrecta e defectuosa da actividade, tanto en canto á calidade como á cantidade.

(.../....)

- j) O incumprimento das condicións esenciais de execución así como das obrigas esenciais do contrato.

Pola comisión de faltas moi graves como as indicadas, a cláusula citada do prego prevé unha sanción de 9.001 a 30.000 euros, especificando que as ditas penalidades serán acumulativas e non excluíntes, e o seu pagamento non substituirá o resarcimento de danos e prexuízos por incumprimento da empresa adxudicataria nin lle eximirá de cumprir coas súas obrigas contractuais,

poidendo esixir, conxuntamente, o cumprimento de ditas obrigas e a satisfacción das penalidades estipuladas que se imputarán á factura ou á garantía, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida propoñer a resolución do contrato e a reclamación de danos e perdas.,

Para proceder á imposición das penalidades indicadas é necesario que os incumprimentos, que poidan dar lugar ás mesmas, queden debidamente constatados, e a súa imposición se acordará a proposta da responsable do contrato (cláusula 26 do PCAP) previa tramitación do oportuno expediente administrativo, no que debe darse audiencia ao contratista por prazo de dez días hábiles, tra-los cales se acordará o que proceda, sen prexuízo da obriga da adxudicataria de subsanar a deficiencia na prestación do servizo e reparar os danos e perdas irrogados á Corporación a consecuencia desta.

Sinala tamén o PCAP que de conformidade co establecido no artigo 312 d) da LCSP, se do incumprimento por parte do contratista se derivara perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público, e a Administración non decidira a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e perdas que efectivamente lle irrogase.

Por outra banda, indícase na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares que as causas de resolución serán as previstas nos artigos 211 e 313 da LCSP, cos efectos previstos nos artigos 213 e 313 do mesmo corpo legal.

Indícase tamen na dita cláusula que poderán motivar a resolución do contrato as causas seguintes:

- 1.- Incorrer o contratista durante a vixencia do contrato en algunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da LCSP; e en aplicación do disposto nos artigos 72 e seguintes da dita Lei.
2. O incumprimento das obrigas esenciais de execución do contrato previstas no prego de cláusulas administrativas particulares..

A potestade resolutoria conferida á Administración en relación aos contratos sometidos ao dereito administrativo enmárcase dentro do ámbito das denominadas prerrogativas, concebidas pola doutrina como privilexios ou facultades exorbitantes, cuxo exercicio non se produce de xeito automático, senón cando o esixa interés público implícito en cada relación contractual, fundándose así no servizo obxectivo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución proclama na actuación administrativa.

A existencia destas prerrogativas non é incompatible coa noción do contrato configurada no ámbito civil, ao contemplar o propio Código civil no seu artigo 1258 que a boa fé, o uso ou a Lei poden impoñer ás partes contratantes obrigas que, aínda non estando expresamente pactadas, deriven da natureza do seu contido.

O sentido e funcionalidade da resolución contractual atopa cobertura legal no Dereito común das obrigas e contratos, en tanto que, como ten sinalado o Tribunal Supremo en Sentencia de 17 de marzo de 1989, “ los contratos administrativos non son sino un figura especial, con modulaciones caracteristas impuetas por su vinculación a los intereses públicos de la institución contractual, siéndoles de aplicación en definitiva, salvando esas peculiaridades y características, las normas y principios de la dogmática del negocio jurídico, entre los que se encuentra la figura de la resolución contractual para el caso de su incumplimiento en las obligaciones recíprocas(artículo 1124 del Código Civil y preceptos concordantes) y la institución del resarcimiento de daños y perjuicios a favor del acreedor, que no es sino una manifestación del principio del Derecho de obligaciones de que el deudor

debe reparar las consecuencias nocivas por causa de su incumplimiento culpable(artículo 1101 del código Civil).....”

O exercicio desta potestade se atopa regrado dende o punto de vista formal e material, de tal xeito que só pode exercerse mediante o procedemento na forma que regulamentariamente se determine e cando coincidan as causas definidas na Lei.

A LCSP contempla nos seus artigos 211 a 213 unha regulación xeral das causas polas que pode operar a prerrogativa resolutoria, establecendo outra específica para cada tipo de contratos, recolléndose en concreto a aplicable aos contratos de servizos no artigo 313.

Dentro das citadas causas distingue a Lei aquelas cuxo réxime de aplicación é potestativo para a Administración, atendendo ás circunstancias que concorren en cada caso concreto, doutras que determinan sempre e de xeito obrigatorio, a resolución do contrato, en tanto que a súa mera concorrencia implica unha vulneración do interés público inherente á contratación administrativa.

Así, o artigo 211 da LCSP establece que: (...)

O procedemento para a resolución dos contratos administrativos, ven regulado nos artigos 109 e seguintes do Real decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, tratándose dun procedemento específico atendendo ás peculiaridades que afectan á materia contractual no ámbito das Admnsitracións Públicas, e máis concretamente e dentro dela, ao que é a extinción anticipada do contrato.

No artigo 109 do citado texto regulamentario dispense que: (...).

Tamén no expediente de resolución deben constar, con carácter previo á adopción do acordo, os preceptivos Informes de Secretaría e Intevención por esixilo así o artigo 321 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Os expedientes de resolución contractual deben estar instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.

En canto aos efectos da resolución por incumprimento do contratista, de conformidade co artigo 213 da LCSP determinará a incautación da garantía así como a obriga de indemnizar á Admnsitración dos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. Así, o artigo 213 da LCSP sinala nos apartados 3 a 6 o seguinte: (...).

Cuarta.- No suposto examinado no informe da coordinadora de servizos sociais e traballadora social citado indícanse unha serie de deficiencias na prestación do servizo e incumprimento de obrigas, algunhas consideradas no propio prego de cláusulas administrativas particuales, como obrigas esenciais (é o caso do incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de valoración).

Estes incumprimentos son constitutivos de faltas previstas como tales no prego de cláusulas administrativas particulares, penalizables coas sancións establecidas no prego (lémbrese que de acordo co PCAP, as penalidades son acumulativas e non excluíntes); e algún destes incumprimentos tamén constitúe unha causa de resolución do contrato (o incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de valoración, ao configurarse neste contrato como unha obriga contractual esencial).

Corresponde ao órgano de contratación (Pleno da Corporación) acordar as medidas a adoptar á vista dos incumprimentos relacionados pola responsable do contrato, debendo seguirse o procedemento que, segundo o caso (imposición de penalidades e resolución) se indicou na consideración anterior. (...).

Tamén a interventora municipal se ven pronunciando sobre este extremo, emitindo reparos suspensivos ás aprobacións das facturas deste servizo. Sirva como exemplo o informe LMR REPARO 78 SUSPENSIVO do día 28.08.2023 (CVD: 48hKIEqaH0LtZViPQrKa) que, entre outras cousas, di:

(...)

III) CONSIDERACIÓNS:

(...)

6.- Outros aspectos a ter en conta. A factura correspondente á prestación do servizo de axuda no fogar.

De conformidade coas cláusulas 17, 19, 20, 21, 22 e 24 do PCA que rexeu a licitación do SAF, o cal foi aprobado en sesión plenaria de 27.05.2021:

"17) RESPONSABLE DEL CONTRATO: DIRECCIÓN TÉCNICA E INSPECCIÓN

17.1 Se **designa como responsable del contrato, de conformidad con lo establecido en el art. 62 de la LCSP, a la coordinadora de Servicios Sociales municipal**, a quien corresponderá la labor de supervisar la ejecución del contrato, adoptar las decisiones y dictar las instrucciones necesarias, con el fin de asegurar la correcta realización de la prestación pactada.

Incumbe a la Administración, a través de la responsable de contrato, **ejercer de manera continuada la inspección y vigilancia de los trabajos contratados**.

La responsable de contrato podrá asimismo solicitar informes sobre la realización de los trabajos, que deberán entregarse por el adjudicatario en el plazo máximo de 5 días naturales a contar desde su solicitud.

17.2.(...) Asimismo, el **contratista aportará cuanta documentación** y precisiones le sean **requeridas** durante la ejecución del contrato por el órgano de contratación o por el **responsable del contrato**.

(...)

19) CALIDAD DEL SERVICIO

El adjudicatario deberá realizar las prestaciones del presente contrato en las condiciones más óptimas de calidad, utilizando los medios personales y materiales más adecuados para garantizar su óptima ejecución.

El contrato se ejecutará de conformidad con las prescripciones técnicas que regulan el servicio, que tienen el carácter de mínimas, completadas con aquellos aspectos de la oferta presentada y que sirvieron de base para la adjudicación del contrato.

El Ayuntamiento de Cambre podrá verificar en cualquier momento la correcta ejecución del contrato, pudiendo solicitar la documentación que estime oportuna y las inspecciones que considere necesarias.

20) PERSONAL Y MATERIALES. SUBROGACIÓN DEL PERSONAL

(...)

A efectos del debido seguimiento de la prestación, el **adjudicatario deberá remitir al responsable del contrato, vía sede electrónica y con carácter trimestral:**

- la relación nominal de todos los trabajadores (antiguo TC2 de la Tesorería General de la Seguridad Social)

- el recibo de liquidación de cotizaciones (antiguo TC1)

- el justificante bancario que acredite dicho pago

Igualmente, el **Ayuntamiento de Cambre** podrá exigir de la empresa adjudicataria, en cualquier momento, **justificación documental del debido cumplimiento de sus obligaciones laborales y tributarias.**

(...)

La Corporación podrá en cualquier momento, inspeccionar el servicio prestado, y en concreto, recabar información sobre el cumplimiento de las prescripciones técnicas, y en caso de disconformidad, proceder de acuerdo con lo establecido en este pliego o sancionar o resolver el contrato.

21) CUMPLIMIENTO DE LA NORMATIVA LABORAL, DE SEGURIDAD SOCIAL, DE SEGURIDAD E HIGIENE, DE IGUALDAD DE GÉNERO Y CONCILIACIÓN DE LA VIDA FAMILIAR Y PERSONAL.

(...)

Para **verificar el cumplimiento de estas obligaciones, la responsable del contrato podrá solicitar del adjudicatario cuanta documentación estime precisa, durante el plazo de ejecución del contrato.**

Las obligaciones configuradas en la presente cláusula son consideradas **obligaciones esenciales, que de incumplirlas, podrán dar lugar a la resolución del contrato por causa imputable al contratista,** de conformidad con lo establecido en el art. 211 de la LCSP, con las consecuencias legalmente previstas

22) CONDICIONES ESPECIALES DE EJECUCIÓN DE CARÁCTER SOCIAL Y OBLIGACIONES ESENCIALES DEL CONTRATO

1.- En el presente contrato se establecen como **condiciones especiales de ejecución** las que se indican a continuación, por estar relacionadas con el objeto del contrato y con la finalidad de conseguir la mayor relación calidad-precio del servicio a contratar: (...)

2.- Se establecen como **obligaciones contractuales esenciales**, en base a lo dispuesto en el art. 211 de la LCSP, las siguientes: (...)

(...)

24) DERECHOS Y DEBERES DEL ADJUDICATARIO

(...)

DEBERES

24.6.- **Ejecutar el servicio con estricta sujeción a las estipulaciones contenidas en el presente pliego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente lo establecido en el pliego de prescripciones técnicas, así como las instrucciones que, en su caso, dé el responsable del contrato.**

(...)"

Consta no expediente tedec número 2020/C004/000011 informe de secretaría có asunto *Incumplimentos da empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar relacionados no informe da coordinadora de servizos sociais e traballadora social de data 13 de xuño de 2023*, asinado o 19.07.2023 (CVD: lJpQkVdK8ty0cpYJBRwd) cuxa consideración xurídica cuarta é do seguinte tenor literal:

"Cuarta.- No suposto examinado no informe da coordinadora de servizos sociais e traballadora social citado indícanse unha serie de deficiencias na prestación do servizo e incumplimento de obrigas, algunhas

consideradas no propio prego de cláusulas administrativas particulares, como obrigas esenciais (é o caso do incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de valoración).

Estes incumprimentos son constitutivos de faltas previstas como tales no prego de cláusulas administrativas particulares, penalizables coas sancións establecidas no prego (lémbrese que de acordo co PCAP, as penalidades son acumulativas e non excluíntes) ; e algún destes incumprimentos tamén constitúe unha causa de resolución do contrato (o incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de valoración, ao configurarse neste contrato como unha obriga contractual esencial).

Corresponde ao órgano de contratación (Pleno da Corporación) acordar as medidas a adoptar á vista dos incumprimentos relacionados pola responsable do contrato, debendo seguirse o procedemento que, segundo o caso (imposición de penalidades e resolución) se indicou na consideración anterior.”

Consta no expediente tedec número 2023/G003/001609 informe da coordinadora de servizos sociais asinado o 28.08.2023 (CVD: CamnSarNmP2nIW7SaAMf) en relación á factura correspondente á PRESTACIÓN SERVICIO DE AXUDA A FOGAR XULLO no que se conclúe que:

“(…)

Concluir, que aínda non cumprindo ao 100% coas súas obrigas contracturais esenciais establecidas nas Cláusulas 21 e 22 do PCA, non hai que olvidar que **a prestación do servizo de axuda no fogar ten como obxectivo principal apoiar ás persoas usuarias nas tarefas elementais da vida cotiá, que non poidan realizar polos seus propios medios, tales como: aseo persoal, limpeza da vivenda, xestións administrativas básicas,... polo tanto, son a base que sosteñen a atención á dependencia dirixida a persoas que necesitan axuda no seu quehacer diario, brindándolles un coidado personalizado na súas casas, así como a atención ás persoas soas que non contan con ningunha rede de apoio familiar, veciñal e social.**

Aínda con todas as deficiencias que se producen na prestación do servizo, o servizo prestouse.

A non prestación do mesmo, ao tratarse dun servizo esencial e incluso imprescindible en moitas persoas usuarias, ocasionaría perxucios dunha gran magnitude tanto para as persoas usuarias dependentes e vulnerables, como para o persoal que o presta, valorando a conveniencia de poder seguir prestándoo e continuando con conversas para mellorar as deficiencias que se producen.

Polo tanto, conclúese que o servizo prestouse con deficiencias, pero as traballadoras auxiliares e coordinadoras, deben cobrar polos servizos realizados, á marxe das penalidades que poideran aplicarse á empresa prestadora dos servizos. (...)

O artigo 59 do RD 500/1990 dispón que:

“Previamente al reconocimiento de las obligaciones habrá de acreditarse documentalmente ante el Órgano competente la realización de la prestación o el **derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto**”

O artigo 18.2 do RD 424/2017, do 28 de abril establece que:

“El órgano interventor conocerá el expediente con carácter previo al acuerdo de liquidación del gasto o reconocimiento de la obligación.

En este momento deberá quedar documentalmente acreditado que se cumplen todos los requisitos necesarios para el reconocimiento de la obligación, entre los que se encontrará, en su caso, la acreditación de la realización de la prestación o el **derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que autorizaron y comprometieron el gasto** así como el resultado favorable de la comprobación material de la inversión.”

Do exame do informe emitido pola coordinadora de servizos sociais asinado o 28.08.2023 (CVD: CamnSarNmP2nIW7SaAMf), **NON** resulta acreditado o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas a que se refiren os PCA que rexeu a contratación polo que se emite un **reparo suspensivo** ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL á seguinte factura:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplicación presupuestaria
F/2023/ 2972	04/08/ 2023	23FE 721	31/07/ 2023	82.707,01	B0442600 3	AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA, S.L.	PRESTACIÓN SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO XULLO 2023	2023.231.22799

(...)

IV) CONCLUSIONÍS:

(...)

4.- É obxecto de **reparo suspensivo** por aplicación do artigo 216.2c) do TRLFL a seguintes factura polo motivo sinalado no apartado III.6. do presente informe:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplicación presupuestaria
F/2023/ 2972	04/08/ 2023	23FE 721	31/07/ 2023	82.707,01	B04426003	AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA, S.L.	PRESTACIÓN SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO XULLO 2023	2023.231.22799

No caso que o Alcalde acepte os reparos suspensivos formulados por esta intervención, deberá emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor no prazo de quince días. Nembargantes, se os reparos suspensivos non son aceptados procederase dacordo có artigo 15 do RD 424/2017, do 28 de abril:

“1. Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo.

2. Cuando el órgano gestor no acepte el reparo formulado por el órgano interventor en el ejercicio de la función interventora planteará al Presidente de la Entidad Local una discrepancia.

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

3. En el plazo de quince días desde la recepción del reparo, las discrepancias se plantearán al Presidente o al Pleno de la Corporación Local, según corresponda, y, en su caso, a través de los Presidentes o máximos responsables de los organismos autónomos locales, y organismos públicos en los que se realice la función interventora, para su inclusión obligatoria, y en un punto independiente, en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio.

Resuelta la discrepancia se podrá continuar con la tramitación del expediente, dejando constancia, en todo caso, de la adecuación al criterio fijado en la resolución correspondiente o, en su caso, a la motivación para la no aplicación de los criterios establecidos por el órgano de control.

La resolución de la discrepancia por parte del Presidente o el Pleno será *indelegable*, deberá recaer en el *plazo de quince días* y tendrá naturaleza *ejecutiva*.

4. El *Presidente de la Entidad Local* y el Pleno, a través del citado Presidente, previamente a la resolución de las discrepancias, *podrán elevar resolución de las discrepancias al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera*.

A tales efectos, el Presidente remitirá *propuesta motivada de resolución de la discrepancia* directamente a la Intervención General de la Administración del Estado o al órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, concretando el extremo o extremos acerca de los que solicita valoración. Junto a la discrepancia deberá remitirse el expediente completo. Cuando el Presidente o el Pleno hagan uso de esta facultad deberán *comunicarlo al órgano interventor y demás partes interesadas*.

La Intervención General de la Administración del Estado o el órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, sin perjuicio de su facultad para recabar los informes o dictámenes que sean necesarios a efectos de emitir informe, deberán informar sobre las cuestiones planteadas en el plazo de un mes desde la solicitud por parte del Presidente siempre que se cuente con el expediente completo. Este plazo se interrumpirá en el caso de que sea necesario solicitar aclaraciones o informes para la resolución de la discrepancia.

Cuando las resoluciones y acuerdos adoptados por la Entidad Local sean contrarios al sentido del informe del órgano interventor o al del órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera, se incluirán en los informes referidos en los apartados 6 y 7 de este artículo.

(...)"

O reparo suspensivo mantense no informe (CVD: 5OalzdY4EZZ98nQqYRE) do día 29.02.2024 (expediente TEdC núm. 2024/T003/000674 que contén, entre outras, as facturas correspondentes á prestación deste servizo durante os meses de novembro e decembro de 2023 e de xaneiro de 2024), nos seguintes termos:

"(...) O informe da secretaria municipal do 19.07.2023 (CVD: lJpQkVdK8ty0cpYJBRwd) deixa constancia escrita dos incumprimentos por parte da empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA, S.L. na prestación do servizo de axuda no fogar de Cambre e os informes da coordinadora de servizos sociais, se ben son de data posterior, únicamente se pronuncian en relación ao número de usuarios atendidos e ás horas de servizo prestadas. En consecuencia ao NON resultar acreditado o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas a que se refiren os PCA que rexeron a contratación polo que emítese un reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL ás seguintes facturas: (...)"

Cuarta.- Atendendo a canto se expuxo, comparte a técnica que subscribe o informado pola coordinadora de servizos sociais verbo de que estamos ante un servizo necesario que debe ser prestado e, como se indicou na consideración xurídica segunda deste informe, é posible a prórroga anual do contrato actualmente en vigor ata dous anos máis, sendo obrigatoria para o contratista sempre e cando se acorde polo órgano de contratación (o Pleno da Corporación) con dous meses de antelación á súa extinción (é dicir, con anterioridade ao 13.04.2023).

Non obstante, tendo en conta o exposto pola secretaria no seu informe do día 19.07.2023, así como o exposto pola interventora municipal nos seus informes de reparos suspensivos nos que, entre outras cousas, di que "**NON resulta acreditado o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas a que se refiren os PCA que rexeu a contratación**", considera á técnica que subscribe que, con carácter previo á acordar a prórroga (anual), debe incorporarse ao expediente informe emitido pola responsable do contrato verbo do cumprimento das obrigas contractuais polo adxudicatario.

Igualmente, deberá incorporarse ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal.

Isto, sen prexuízo de que, como expuxo a secretaria xeral no seu informe do día 19.07.2023, debe o órgano de contratación (o Pleno da Corporación) acordar as medidas a adoptar á vista dos incumprimentos relacionados pola responsable do contrato, debendo seguirse o procedemento que, segundo o caso (imposición de penalidades e/ou resolución) se indica neste informe.

CONCLUSIÓN

Por canto antecede, a xuízo da técnica que subscribe, deberá incorporarse ao expediente informe emitido pola responsable do contrato verbo do cumprimento das obrigas contractuais polo adxudicatario. De non subsanarse este extremo, infórmase desfavorablemente a prórroga deste contrato (que deberá ser anual, ata o 13.06.2025). No caso de acordarse a prórroga con anterioridade ao 13.04.2023, será obrigatoria para o contratista.

En calquera caso, o acordo de prórroga requerirá da incorporación ao expediente do preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal.

Isto, sen prexuízo de que polo Pleno da Corporación se acorden as medidas a adoptar á vista dos incumprimentos relacionados pola responsable do contrato, debendo seguirse o procedemento que, segundo o caso (imposición de penalidades e/ou resolución), proceda.

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito”.

Visto que consta no expediente o informe (CVD: t6ne/85cfzysLMYV/Bxk) asinado pola interventora municipal o día 04.04.2024 no que, entre outras cousas, di:

“(…)

D. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado con observacións:

- **X*.A:** De conformidade cós datos que obran na contabilidade municipal do exercicio 2024 verifícanse os seguintes asentos contables polos seguintes importes, saldos e finalidades:

Nº Operación	Fase	Fecha	Referencia	Proxecto	Aplicación	Importe	Saldo	Texto Libre
220240000023	AD	01/01/ 2024	22024000023	2024 3 231 1 1	2024 231 22799	549.879,15	304.284,14	AD CONTRATO SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO ANUALIDAD 2024 HASTA EL 14 06 2024
220240000235	RC	06/03/ 2024	22024000389	2024 3 231 1 1	2024 231 22799	810.130,62	810.130,62	RC LICITACIÓN SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO (IMPORTE 5 MESES PBL)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

220240000376	RC	04/04/ 2024	22024000663		2024 920 12000	25.574,58	25.574,58	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000377	RC	04/04/ 2024	22024000664		2024 920 12100	19.257,49	19.257,49	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000378	RC	04/04/ 2024	22024000665		2024 920 12101	28.316,18	28.316,18	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000379	RC	04/04/ 2024	22024000666		2024 920 16000	25.954,69	25.954,69	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000380	RC	04/04/ 2024	22024000667		2024 920 12003	5.741,37	5.741,37	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000381	RC	04/04/ 2024	22024000668		2024 931 12001	7.496,33	7.496,33	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000382	RC	04/04/ 2024	22024000669		2024 931 12100	10.483,15	10.483,15	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000383	RC	04/04/ 2024	22024000670		2024 931 12101	6.030,01	6.030,01	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000384	RC	04/04/ 2024	22024000671		2024 931 16000	9.663,46	9.663,46	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024
220240000387	RC	04/04/ 2024	22024000673		2024 931 12003	11.482,74	11.482,74	RC PARA TRANSFER ENCIA 3/2024

Os asentos correspondentes ao concepto "RC PARA TRANSFERENCIA 3/2024" por importe total de 150.000,00 € refírense ao expediente tedec número 2024/G006/000051 coa denominación "*Proposta de aprobación de expediente de modificación de créditos. Transferencia de crédito núm. 3/2024. Servizo de axuda no fogar*" o cal ten como finalidade dotar o crédito preciso para cubrir o desfase entre o orzamentado na aplicación 231.227.99 e as necesidades de consignación surxidas do novo contrato a licitar. Así pois, a existencia de crédito para a cobertura de dito desfase **queda condicionada** a aprobación definitiva da citada modificación de crédito.

Por outra banda, tendo en conta que a prestación do servizo se manterá, mais sen existir simultaneidade entre empresas, por cada mes que a partir do 01.08.2024 se retrase a adxudicación do novo contrato anularase saldo na retención de crédito con núm. de operación 220240000235 e núm. de referencia 22024000389 por importe de 162.026,12 € có cal, tendo en conta o importe mensual facturado por AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L., darase cobertura, aproximadamente, a dous meses de prórroga na prestación do servizo.

No que respecta ás mensualidades a imputar, no seu caso, ao exercicio 2025 a existencia de crédito queda condicionada á efectiva consignación no orzamento correspondente.

- **X*.B:** Tal como como puxen de manifesto, entre outros, nos meus informe referencias: LMR REPARO 77 SUSPENSIVO (asinado o 28.07.2023, CVD: 1lyPxT6fdUI7Epd6VMrg, correspondente ás facturas do SAF de maio e xuño de 2023), LMR REPARO 78 SUSPENSIVO (asinado o 28.08.2023, CVD: 48hKIEqaH0LtZViPQrKa, correspondente á facturas do SAF de xullo de 2023), LMR-providencia -TEDEC 2023/T003/004601 (asinado o 12.12.2023, CVD: jjjvlyKtsd3zSIQdeOmK, correspondente ás facturas do SAF de setembro e outubro de 2023) e LMR - providencia- facturas TEDEC 2024/T003/000674 (asinado o 29.02.2024, CVD: 5OalzjdY4EZZ98nQqYRE, correspondente ás facturas do SAF de novembro e decembro de 2023 e de xaneiro de 2024) NON resultou acreditado o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas a que se refiren os PCA que rexeron a contratación motivo polo cal ditas facturas foron obxecto de reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL. Asemade, o informe da secretaria municipal de 19.07.2023 (CVD: lJpQkVdK8ty0cpYJBRwd) deixa constancia escrita dos incumprimentos por parte da empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA, S.L. na prestación do servizo de axuda no fogar de Cambre. En consecuencia, se ben é posible a prórroga anual do contrato actualmente en vigor ata dous anos máis de conformidade có contrato e có PCA, a **fiscalización favorable** da prórroga **queda condicionada** a que pola coordinadora de servizos sociais (responsable do contrato) se emita un informe onde se acredite o cumprimento das obrigas contractuais por parte do adxudicatario.

Advirto por escrito que **non consta** no expediente copia do recibo que confirme que a empresa “AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.” atópase ao corrente do pago da póliza de Responsabilidade Civil esixida pola cláusula 28.2 PCA”.

(...)”

Visto que consta no expediente o informe (CVD: iwWcPsRzGR8ujwg+4yBB) asinado pola coordinadora de Servizos Sociais o día 04.04.2024 no que, entre outras cousas, di:

“(...)”

Necesidade de prórroga

De acordo co que se establece respecto á posibilidade de prórroga do contrato no PCAP de data 1 de xuño de 2021 asinado pola secretaria xeral e (CVD: 7rQkNQVu6pQW90pnAOiY) onde na Cláusula 18) di literalmente:”18) PLAZO DE DURACIÓN DEL CONTRATO:El presente contrato tiene un plazo de duración de DOS AÑOS a contar desde la fecha de formalización del contrato, pudiendo prorrogarse anualmente por años sucesivos y en las mismas condiciones hasta dos años más, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado con dos meses de antelación a la finalización de la vigencia anterior, por lo que el contrato podrá llegar a tener una duración total de hasta cuatro años incluídas las prórrogas.

En caso de prórroga, las características del contrato permanecerán inalterables.

Las prórrogas así acordadas, serán obligatorias para el empresario.

El adjudicatario deberá prestar los servicios durante el plazo total estipulado y lugar fijados en el contrato y con estricta sujeción a las estipulaciones contenidas en el presente pliego, en el pliego técnico y en la oferta presentada.”

Tendo en conta nas datas nas que nos atopamos, resulta inviable poder seguir os prazos marcados para sacar a licitación do novo contrato, polo que se solicita unha prórroga de ata 2 anos máis polos seguintes motivos :

O servizo de axuda no fogar préstase no noso Concello dende o ano 1984 de xeito continuado.

Este servizo, debido á súa especificidade e ao persoal necesario para o seu desenvolvemento, vense contratando polo Concello a empresas externas dende hai anos, todo elo en base ao disposto na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, e o Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento no art. 3 de formas de prestación dos servizos sociais comunitarios e no artigo 9 de programas e servizos comunitarios básicos que dí literalmente que “o **Servizo de axuda no fogar (SAF)**, que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo.”

Esta definición fai que o Servizo de Axuda no Fogar se converta nun **servizo básico e obrigatorio** e polo seu **carácter esencial**, no marco dos servizos sociais comunitarios básicos, favorecedor do benestar social das persoas ou grupos dentro do seu entorno comunitario, prestándolles un conxunto de atencións de carácter doméstico, social, persoal e/ou educativo aos cidadáns no seu medio. Neste Concello, accedese ao SAF por dúas vías:

1. Por libre concorrencia.
2. Polo sistema de dependencia.

A demanda do servizo foi crecendo nos últimos anos; actualmente contamos con **126 familias**.

Vista a especificidade do servizo, así como o gran número de persoal especializado para o seu desenvolvemento, e ante a gran demanda existente, o Concello de Cambre contrata o servizo para prestalo os 12 meses do ano e os 365 días.

Por outra banda hai que ter en conta o **colectivo vulnerable** a que se atende: maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

A finalidade deste servizo é atender ás persoas desde unha perspectiva integral e normalizada, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións na que teña limitada a súa autonomía persoal e que carezan de apoio, u outras situacións de risco social e para ás que resulta un recurso idóneo e imprescindible para a cobertura das súas necesidades básicas de limpeza, alimentación e aseo persoal (artículo 9.1.b do Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

O tipo de atencións que se prestan de carácter básico son:

(...)

Todos estes servizos que se prestan considéranse imprescindibles e constitúen obrigas esenciais que toda persoa ten que ter cubertas.

Nesta situación, a Área de Benestar social entende necesaria a continuidade deste servizo, que actualmente está xestionado por “AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.” comprometéndose ao cumprimento das obrigas contractuais a que se refiren no PCA.

A funcionaria que suscribe este informe é consciente das deficiencias que estamos a sufrir na prestación do servizo, e tamén como responsable do contrato de maneira continuada se está a levar unha supervisión continua do servizo, tanto por parte da traballadora social municipal que mantén unha comunicación permanente coas coordinadoras da empresa adxudicataria como a miña persoa a través de reunións mensuais e aportación de documentación que se lle require periodicamente.

Á data da sinatura deste informe obsérvase que o persoal de coordinación é máis coidadoso á hora de xestionar o servizo.

A prestación do servizo de axuda no fogar trátase dunha **prestación esencial e básica** tal e como se reflicte no artigo 60.1.a) de competencias dos concellos da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, onde dí literalmente: “La creación, gestión y mantenimiento de los servicios sociales comunitarios básicos”, e segundo o artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, o servizo de axuda no fogar é un programa básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a súa permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para aqueles que resulte un recurso idóneo.”

Visto que consta no expediente a dilixencia (CVD: q/DUVYC+xaoK25HNBVHh) asinada pola interventora municipal o día 04.04.2024 na que, entre outras cousas, di:

“(...)

Tendo en conta o meu informe referencia LMR PRORROGA SAF/2024 emitido ás 12:16:00 do 04.04.2024 (CVD: t6ne/85cfzysLMyV/Bxk) no que fixen constar o seguinte:

“(.../...)”.

Visto o informe emitido ás 13:10:00 do 04.04.2024 (CVD: iwWcPsRzGR8ujwg+4yBB) pola coordinadora de servizos sociais (responsable do contrato do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Cambre) o cal é do seguinte tenor literal:

“(.../...)Nesta situación, a Área de Benestar social entende necesaria a continuidade deste servizo, que actualmente está xestionado por “AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.” comprometéndose ao cumprimento das obrigas contractuais a que se refiren no PCA.

A funcionaria que suscribe este informe é consciente das deficiencias que estamos a sufrir na prestación do servizo, e tamén como responsable do contrato de maneira continuada se está a levar unha supervisión continua do servizo, tanto por parte da traballadora social municipal que mantén unha comunicación permanente coas coordinadoras da empresa adxudicataria como a miña persoa a través de reunións mensuais e aportación de documentación que se lle require periodicamente.

Á data da sinatura deste informe obsérvase que o persoal de coordinación é máis coidadoso á hora de xestionar o servizo. (.../...)"

Emito a seguinte **dilixencia**:

Fiscalízase de **disconformidade** a prórroga do contrato do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Cambre dado que NON resulta acreditado o cumprimento das obrigas contractuais por parte da empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.

Recórdase que de conformidade coas cláusulas 26 e 27 dos PCA que rexeron a licitación:

"26. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

La empresa adjudicataria ejecutará el contrato con estricta sujeción a las estipulaciones contenidas en los pliegos y bajo las instrucciones/directrices del responsable del contrato.

En el caso de incumplimiento defectuoso de la prestación, a propuesta del responsable del contrato e instrucción del correspondiente expediente, el órgano de contratación podrá proceder a la imposición de penalidades a la empresa, en los términos previstos en los art. 192 a 194 de la LCSP

Las responsabilidades en que incurriere el contratista se harán efectivas de la garantía definitiva, de conformidad con lo previsto en el art. 110.b) LCSP

La imposición de penalidades no excluye la indemnización a que pueda tener derecho el Ayuntamiento de Cambre por daños y perjuicios ocasionados por el incumplimiento culpable del contratista.

27. RÉGIMEN SANCIONADOR

En base a lo establecido en el art. 192 de la LCSP, se establece un régimen de penalidades específico, justificado por la esencialidad del servicio público de que se trata y que afectará tanto a la modalidad de dependencia como a la de libre concurrencia.

A efectos contractuales se considerará falta penalizable toda acción u omisión del contratista que suponga un quebranto de las exigencias específicas del contrato. Estas penalidades se justifican en la necesidad de cumplimiento específico de todas las prestaciones contenidas en el mismo y que redundan en la correcta prestación del servicio público

Las faltas que haya podido cometer el contratista se clasificarán según la trascendencia, en leves, graves y muy graves, de acuerdo con lo previsto en el artículo 45.3 de la Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia, de acuerdo con los siguientes criterios:

Faltas leves: *Se considerarán faltas leves aquellas que, afectando desfavorablemente a la prestación del servicio, no se deban a una actuación voluntaria, o deficiencia en atender los requerimientos formulados por el responsable del contrato, ni lleven unido peligro a personas o cosas, ni causen molestias a los usuarios de las equipaciones. La sanción será de 300 euros a 3.000 euros.*

(...)

Faltas graves: *Se estimarán así aquellas que afecten desfavorablemente a la calidad, regularidad o continuidad a la prestación del servicio y sean consecuencia de una actuación consciente o deficiente en atender los requerimientos formulados por el responsable del contrato. La sanción será de 3.001 euros a 9.000 euros.*

(...)

Faltas muy graves: Son aquellas actuaciones voluntarias que pueden ocasionar peligro para las personas o cosas. La sanción será de 9.001 euros a 30.000 euros. (...)"

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino a presente dilixencia en Cambre na data que figura na marxe".

Visto o informe complementario (CVD: KlzDTKCkaoQJVCHM+NY2) asinado o día 05.04.2024 pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, que, entre outras cousas, di:

"(...)

Primeira.- Danse por reiteradas as consideracións xurídicas expostas no citado informe desta secretaria (CVD: QKU5JX8UBrgedDAKWJXr) do día 02.04.2024.

Terceira.- O informe (CVD: iwWcPsRzGR8ujwg+4yBB) asinado o día 04.04.2024 pola coordinadora de Servizos Sociais, responsable deste contrato, alude á existencia de "deficiencias que estamos a sufrir na prestación do servizo", polo que non se acredita o cumprimento por parte do contratista AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L. das obrigas contractuais establecidas no PCAP e na oferta que presentou.

Se ben por motivos de interese xeral a prestación dun servizo como o examinado non pode suprimirse, tamén por motivos de interese xeral debe velarse pola súa correcta prestación e, igualmente, deben adoptarse as medidas necesarias previstas no ordenamento xurídico para asegurar que o contratista execute o contrato con estrita suxeición ao prego e á súa oferta.

No informe da coordinadora de servizos sociais do día 13.06.2023 (CVD: VkMiz9E6W4jR0D9ab1/r) indícanse unha serie de incumprimentos/deficiencias na prestación do servizo, algúns dos cales, incluso, constitúen unha causa de resolución do contrato, tal e como se informou pola secretaria xeral o día 19.07.2023 (CVD: lJpQkVdK8ty0cpYJBRwd), sen que conste que polo órgano competente se adoptara ningunhas das medidas previstas no dito informe (resolución ou imposición de penalidades).

CONCLUSIÓN

En atención ao exposto neste informe e no emitido por quen subscribe o día 02.04.2024 (CVD: QKU5JX8UBrgedDAKWJXr), infórmase desfavorablemente a prórroga do contrato do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Cambre dado que non resulta acreditado o cumprimento das obrigas contractuais por parte da empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...)"

Visto canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar un ano máis o contrato do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Cambre (CVD: pf4cXynL7JV8I9aYNMXI), formalizado o día 13.06.2022 coa empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L., condicionando esta prórroga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2025 (expediente TEdC núm. 2020/C004/000011).

Segundo: Notificar este acordo ao contratista e dar traslado, a través da plataforma TEdC, á responsable do contrato e á intervención municipal.

Terceiro: Publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández; a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas; o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez; o voceiro do AV, Sr. Varela Fraguío; e a Sra. alcaldesa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de abril de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a prol: Once (11), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 5 de abril de 2024 (CVD: 122xdAoDy8bFmOXMsLiF), que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo